



# *COMPETENCIAS DA ESPECIALISTA EN ENFERMERÍA FAMILIAR E COMUNITARIA*

AGEFEC  
Asociación Galega de Enfermería Familiar e  
Comunitaria



# COMPETENCIAS DA ESPECIALISTA EN ENFERMERÍA FAMILIAR E COMUNITARIA

## DEFINICIÓN

A Enfermeira Especialista en Familiar e Comunitaria, é unha/un profesional que ten que contar con coñecementos profundos da complexidade, tanto das persoas, familias e grupos, coma das interaccións que se producen entre elas. Así mesmo, debe coñecer a comunidade na que presta os seus servizos, os recursos dispoñibles e as distintas maneiras de interactuar das persoas que compoñen dita comunidade.

Deberá estar capacitada para dar resposta as necesidades de saúde da poboación tanto sana como doente, mediante una asistencia integral e directa as persoas, familias e comunidade, co obxectivo de promover, manter ou mellorar a súa saúde, fomentando o autocoidado e a capacidade para coidar as persoas dependentes.

## CONTIDO

### Definición.

### Marco legal.

### Competencias:

- 1. Competencias clínicas avanzadas no ámbito familiar e comunitario.**
  - 1.1. Clínica e metodoloxía avanzada.
  - 1.2. Atención a infancia.
  - 1.3. Atención á adolescencia.
  - 1.4. Atención saúde xeral da etapa adulta.
  - 1.5. Atención sexual, reproductiva e de xénero.
  - 1.6. Atención as persoas maiores.
  - 1.7. Atención as familias.
  - 1.8. Atención as urxencias, emerxencias e catástrofes.
  - 1.9. Atención á saúde na fragilidade ou risco socio-sanitario.
- 2. Competencias vinculadas ca saúde pública e comunitaria.**
- 3. Competencias vinculadas ca docencia.**
- 4. Competencias de xestión de coidados e Servizos no ámbito familiar e comunitario.**
- 5. Competencias na investigación.**

### Programa formativo.

### Bibliografía.

## MARCO LEGAL

Dende a segunda metade do século XIX, que foi cando apareceron as primeiras enfermeiras en Liverpool, moitas foron as transformacións ata chegar ao que hoxe coñecemos como Enfermeira Familiar e Comunitaria. A Especialidade en Enfermería Familiar e Comunitaria, é unha evolución da enfermería de Saude Pública o longo do tempo, é en todo o mundo ata os anos 70.

Os pasos mais importantes a nivel mundial de dita transformación foron:

- Na conferencia internacional de Alma Ata (Kazakhstán) o 6/12/1978, definíronse os principios retores da Atención Primaria como nivel esencial para o coidado da saúde, que é o primeiro contacto entre as persoas, a familia e a comunidade co sistema sanitario.
- En 1999, a Organización Mundial da Saúde publicou en Copenhague o “Portafolio de prácticas innovativas de enfermería e matronas en Atención Primaria”.
- Ano 2002: Consello Internacional de Enfermeiras: “Coidar á Familia” (Xenebra 2002).

Xa no marco do Estado Español, non tiñamos un programa formativo reglado no desenvolvemento da Enfermería Familiar e Comunitaria, pero as ideas básicas que a definen son as compartidas por todo o mundo. Nos anos 80, implántase un novo modelo de Atención Primaria de Saúde que emana de:

- RD 137/1984, 11 xaneiro, sobre estruturas básicas de saúde, na que se regula o modelo de Atención Primaria de Saúde.
- Lei 14/1986, 25 de abril, Xeral de Sanidade, incorpora estudos de enfermeira no eido universitario e a inclusión de materias como a Saúde Pública e Enfermería Comunitaria no curriculum dos plans de estudos, factores relevantes nas bases da Enfermería Familiar e Comunitaria.
- Lei 44/2003, de 21 de novembro, da ordenación das profesións sanitarias, **que** define os principios de interdisciplinaridade e multidisciplinaridade dos equipos profesionais na atención sanitaria.
- R.D. 450/2005, de 22 de abril, sobre especialidades de Enfermería, otorga carácter oficial e validez en todo Estado Español o título de Enfermeiro Especialista.
- R.D.1146/2006, de 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde. Considera que o obxectivo de esta relación laboral é a obtención dun título de especialista tras haber superado un programa de formación.
- R.D. 183/2008, de 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e desenvólvense determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.
- ORDE SCO/581/2008, de 22 de febreiro, pola que se publica o “Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde”, polo que se fixan criterios xerais relativos á composición e funcións das comisións de docencia, a figura do xefe de estudos de formación especializada e o nomeamento do tutor.

- Resolución de 17 de xullo de 2009, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se establecen as bases da convocatoria da proba obxectiva prevista na disposición transitoria segunda do Real Decreto 450/2005, de 22 de abril, sobre especialidades de Enfermería.
- Orde SAS/1729/2010, de 17 de xuño, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria.

Na **Comunidade Autónoma de Galicia** creáanse as catro primeiras prazas para a formación de Especialistas en Enfermería Familiar e Comunitaria no ano 2012, trala publicación da:

- Orde SPI/2548/2011 de 19 de setembro na que se aproba a convocatoria da proba selectiva 2011 para o acceso en 2012 a prazas de formación sanitaria especializada para graduados/diplomados en Enfermería, adxudicando dúas prazas na Coruña e dúas en Ferrol.

### COMPETENCIAS

A formación céntrase no desenvolvemento das competencias específicas a adquirir na especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria , garantindo que o residente adquira os coñecementos, destrezas, actitudes e valores que conforman ditas competencias que xa se iniciaron no percorrido académico de Grao e que se irán ampliando en profundidade e especificidade na formación especializada.

A misión da Enfermería Familiar e Comunitaria é a participación no coidado compartido da saúde das persoas, familias e comunidades no “continuum” do seu ciclo vital e nos distintos aspectos de promoción da saúde, prevención da enfermidade, recuperación e rehabilitación , no seu eido e contexto socio-cultural .

A acción da Enfermería Familiar e Comunitaria está orientada por principios e fundamentos científicos, humanísticos e éticos de respecto á vida e dignidade humanas. A súa práctica require dun pensamento interdisciplinario , actuación multiprofesional e en equipo e dunha participación activa das persoas as que atende , con visión holística do ser humano na súa relación co contexto familiar, social e ambiental.

As **competencias avanzadas** da especialidade desenvólvense no eido familiar e comunitario , o que en ningún caso poida significar ámbitos exclusivos de actuación , xa que as competencias inscribíense nun marco dos principios de interdisciplinaridade e multidisciplinaridade dos equipos profesionais na atención sanitaria .

## 1. COMPETENCIAS CLÍNICAS AVANZADAS NO AMBITO FAMILIAR E COMUNITARIO.

### 1.1. Clínica e metodoloxía avanzada:

RESULTADOS	CAPACIDADES
Utilizar os modelos conceptuais de enfermeira como guía do proceso de atención na práctica clínica.	Aplicar modelos conceptuais para a práctica da enfermería no ámbito da atención familiar e comunitaria.
Obter con precisión os datos obxectivos e subxectivos relevantes na valoración do estado ou situación de saúde.	Utilizar o proceso de enfermería de valoración do estado de saúde, identificación de problemas de saúde/diagnósticos de enfermería e obxectivos do usuario (familia ou grupo), planificación de intervencións de tratamento e avaliación dos resultados.
Documentar e rexistrar o proceso de atención utilizando as novas tecnoloxías da información e comunicación no ámbito de actuación da especialidade.	
Organizar, sintetizar, analizar e interpretar os datos das diversas fontes para emitir xuízos sobre os problemas de saúde/diagnósticos de enfermeira.	
Avaliar a precisión do diagnóstico enfermeiro nos cuidados familiares e comunitarios e os resultados do tratamento enfermeiro.	
Utilizar taxonomías de linguaxe enfermeiro.	
Coñecer e realizar as intervencións enfermeiras relacionadas cas enfermidades crónicas mais prevalentes basadas en evidencias actuais, con especial atención as que se desenvolven no domicilio das/os doentes que o precisan.	Establecer unha comunicación efectiva e relación terapéutica con pacientes, familias e grupos sociais no ámbito da especialidade.
Identificar e usar as novas ferramentas tecnolóxicas aplicables na atención e comunicación	
Manexar a comunicación persuasiva	Planificar, dirixir, desenvolver e avaliar, xunto con outros especialistas e profesionais, programas de atención ás enfermidades crónicas presentes no ámbito familiar e comunitario, realizando as técnicas diagnósticas e terapéuticas especialmente relacionadas ca prevención e control destas enfermidades
Coñecer e realizar as intervencións de enfermería nas situacións de dependencia e fragilidade, con especial atención as que se desenvolven no domicilio	
Coñecer a normativa relativa o uso, indicación e autorización de fármacos e produtos sanitarios.	
Coñecer os fármacos e produtos sanitarios vinculados os cuidados de enfermería que se desenvolven no ámbito da especialidade para conseguir a súa eficaz e eficiente xestión e utilización.	Usar e indicar o uso de fármacos e outros produtos sanitarios vinculados a ós cuidados de enfermería no ámbito da atención familiar e comunitaria, dacordo ca lexislación vixente, con especial atención ós procesos de cronicidade e ás situacións de dependencia.
Analizar os coñecementos e creencias dos individuos, familias e comunidades sobre os fármacos, as medidas terapéuticas non farmacolóxicas e os produtos sanitarios.	
Realizar o procedemento de razonamento clínico preciso para realizar as prescricións.	
Deseñar e utilizar sistemas de notificación de efectos adversos de fármacos e outros produtos sanitarios.	
Coñecer e utilizar como parte do tratamento enfermeiro as medidas terapéuticas non farmacolóxicas como dieta, técnicas de relaxación ou exercicio físico nas alteracións de saúde mais frecuentes no ámbito da especialidade.	Integrar e indicar outras medidas terapéuticas non farmacolóxicas como dieta, técnicas de relaxación ou exercicio físico nas alteracións de saúde mais frecuentes no ámbito da especialidade, con especial atención os procesos de cronicidade e as situacións de dependencia.
Implantar, coordinar e executar programas de cirurxía menor e outras técnicas diagnósticas e terapéuticas, con seguridade para o paciente tanto técnica como legal.	Planificar, dirixir, desenvolver e avaliar, xunto a outros especialistas e profesionais, programas de cirurxía menor nos ámbitos de intervención da EFEC
Coñecer e activar os canais de derivación necesarios.	Detectar situacións que precisen da coordinación ou derivación a outros profesionais, especialistas ou niveis de atención, traballando en equipo
Detectar situacións que precisen da coordinación ou derivación a outros profesionais, especialistas ou niveis de atención.	
Traballar en equipo, na atención familiar e comunitaria.	
Coñecer e aplicar os conceptos e a normativa de confidencialidade, secreto profesional, consentimento informado, autonomía do paciente e uso racional dos recursos no ámbito familiar e comunitario	Manexar os conflitos éticos e legais que se prantexen como consecuencia da práctica da enfermería familiar e comunitaria, para solucionarlos ou no seu caso remitilos a outras instancias.
Promover a participación plena dos pacientes no proceso de toma de	

## COMPETENCIAS DA ESPECIALISTA EN ENFERMERÍA FAMILIAR E COMUNITARIA

decisións sobre a súa saúde.	
Manexar os conceptos básicos relacionados ca seguridade do paciente.	Xestionar, liderar e desenvolver a atención familiar e comunitaria dende a perspectiva da seguridade do paciente.
Elaborar sistemas de notificación e aprendizaxe para facilitar o análise das causas que orixinaron erros e prevenilos.	
Liderar, no seu ámbito de traballo, a difusión e adquisición dunha cultura de seguridade dos pacientes.	
Coñecer e aplicar a metodoloxía de Análisis Modal de Fallos e Erros (AMFE) para o análise de problemas de seguridade.	
Identificar e actuar en situacións conflictivas.	Liderar, deseñar e aplicar unha atención sanitaria e uns cuidados de enfermaría familiar e comunitaria basados na xestión de casos.
Detectar situacións de conflito ético ou legal na práctica da atención familiar e comunitaria e ser capaz de aplicar os principios da bioética ou a legalidade vixente.	
Recoñecer a diversidade e multiculturalidade.	

### 1.2. Atención á infancia:

RESULTADOS	CAPACIDADES
Dentro do contexto familiar e comunitario, valorar de forma sistemática o desenvolvemento infantil en tódolos aspectos (físicos, psicolóxicos, culturais, ambientais e sociais), detectando precozmente situacións de anormalidade.	Valorar sistemáticamente dentro do contexto familiar e comunitario o desenvolvemento infantil físico, psíquico, cultural, ambiental e social.
Promover a saúde e previr a enfermidade tanto no contexto familiar como na escola e na comunidade.	Promover a saúde dos nenos e nenas na familia e na comunidade atendendo de maneira especial á escola.
Traballar en equipo co sistema educativo e con outros profesionais especialistas.	
Facilitar e fomentar a autonomía dos pais no cuidado dos fillos, e potenciar a autoresponsabilidade dos nenos na súa saúde, individual, grupal e ambiental.	
Previr e detectar situacións de malos tratos e marxinación.	Previr a enfermidade dos nenos e nenas no contexto familiar e comunitario.
Contribuír a un desenvolvemento sexual axeitado dos nenos.	
Previr accidentes dos nenos así coma as súas secuelas, traballando xunto ca escola e as familias.	
Deseñar, dirixir, executar e avaliar os programas de saúde infantil, saúde escolar etc.	Prestar cuidados especializados no ámbito comunitario, xunto con outras especialidades e outros profesionais cando sexa preciso en situacións de: alteracións do desenvolvemento infantil, problemas agudos de saúde, discapacidades e problemas de saúde crónicos.
Promover os procesos adaptativos necesarios, tanto do entorno como das persoas no caso de enfermidade ou discapacidade.	
Facilitar a adaptación do entorno familiar para a continuidade dos cuidados no fogar.	

### 1.3. Atención á adolescencia:

RESULTADOS	CAPACIDADES
Identificar problemas de saúde relacionados co desenvolvemento psicoafectivo, biolóxico, e social dos adolescentes.	Valorar o desenvolvemento do adolescente nos aspectos biolóxicos, psicolóxicos e sociais.
Fomentar o autocoidado, a autoestima, as habilidades sociais e a vida saudable, promovendo conductas responsables fronte a actividades de risco.	Promover a saúde dos adolescentes nos aspectos biolóxicos, psicolóxicos e sociais, tanto individual como en grupo.
Detectar precozmente conductas de risco para a saúde relacionadas cas alteracións da alimentación, autolesións etc.	Previr a enfermidade dos adolescentes nos aspectos biolóxicos psicolóxicos e sociais.
Dirixir, colaborar e participar en programas de educación para a saúde dirixidos a adolescentes.	Previr os accidentes dos adolescentes e as súas secuelas.
Dar apoio o adolescente para a toma de decisións sobre os seus problemas de saúde.	
Fomentar o afrontamento familiar eficaz tanto fronte a situacións de risco (embarazo, drogas, violencia etc) coma fronte a situacións de enfermidade.	Prestar cuidados especializados os adolescentes con problemas de saúde no ámbito comunitario xunto con outros especialistas e outros profesionais cando sexa preciso.
Favorecer a aceptación da conducta sexual do adolescente e contribuír o fomento da saúde afectivo-sexual.	Fomentar o desenvolvemento sexual e a identidade de xénero, detectando posibles dificultades.
Detectar o antes posible problemas de identidade relacionadas co xénero.	
Contribuír a adoptar conductas reproductivas saudables.	
Colaborar cos pais na abordaxe dos problemas relacionados ca adolescencia, negociación e resolución de problemas e conflitos.	Axudar ás familias a afrontar de xeito eficaz a crise da adolescencia.

### 1.4. Atención a saúde xeral da etapa adulta:

RESULTADOS	CAPACIDADES
Asesorar na toma de decisións responsables sobre a saúde.	Planificar, desenvolver, executar e avaliar programas de promoción de saúde e prevención da enfermidade do adulto nos aspectos biolóxicos, psicolóxicos e sociais prevalentes nesta idade, tanto de forma individual coma grupal.
Fomentar a autonomía persoal e previr a dependencia.	
Fomentar a saúde mental.	
Asesorar sobre o uso de medidas de protección contra os accidentes.	
Avaliar a calidade de vida e identificar a existencia de factores de risco para a saúde, especialmente estilos de vida saudables e problemas específicos de saúde prevalentes na comunidade	Planificar, executar e avaliar programas de xestión dos cuidados as persoas con enfermidade ou dependencia en termos de igualdade, tanto nos dispositivos sanitarios como no entorno familiar e comunitario.
Previr as complicacións derivadas dunha situación de saúde alterada, fomentando un afrontamento efectivo.	
Identificar, valorar e controlar a evolución dos problemas crónicos de saúde específicos e prevalentes na comunidade, así como fomentar os autocoidados e estilos de vida saudables tanto a nivel individual, en grupo ou na comunidade.	Identificar e actuar en situacións de violencia, de xeito especial na violencia de xénero.
Identificar e intervir ante signos e síntomas de violencia de xénero, laboral, etc.	
Mobilizar os recursos para o abordaxe dos problemas de saúde, con especial atención á discapacidade ou a dependencia no medio familiar.	Planificar, executar e avaliar programas en relación ca cronicidade ou discapacidade tanto nos dispositivos sanitarios como no entorno familiar e comunitario.
Coñecer a metodoloxía da atención domiciliaria no campo da EFeC.	

### 1.5. Atención sexual, reproductiva e de xénero:

RESULTADOS	CAPACIDADES
Relacionar sexo e xénero cos procesos de saúde en homes e mulleres.	Promover a saúde sexual e reproductiva en homes e mulleres.
Fomentar a saúde sexual e integrar nos cuidados enf. a sexualidade e a relación de parella como aspectos que interveñen na saúde.	
Participar no desenvolvemento de programas de educación e consello para a saúde sexual e reproductiva.	
Fomentar a adaptación das relacións sexuais para que sexan pracentiras e seguras.	
Informar, asesorar e facer partícipes as persoas e as parellas sobre condutas sexuais pracentiras e saudables, así como capacitalas para a elección informada e uso responsable dos métodos anticonceptivos e colaborar no seguimento, incluíndo a anticoncepción de emerxencia.	Intervir en programas de atención a saúde sexual e reproductiva nas poboacións con necesidades especiais como discapacitados, persoas en risco de exclusión social, etc.
Detectar disfuncións sexuais en persoas e en parellas e asesorar ou derivar.	
Abordar a influencia das enfermidades crónicas mais frecuentes e os seus tratamentos na resposta sexual.	
Coñecer e usar os recursos para afrontar as necesidades da sexualidade e a reprodución de poboacións especiais.	Promover a saúde durante o embarazo, parto e puerperio no entorno familiar e comunitario e participar xunto con outros membros do equipo e/ou especialistas na planificación, coordinación e avaliación de actividades específicas.
Orientar na demanda de IVE, derivando os especialistas que correspondan	
Captar pronto a embarazada e contribuir o seu seguimento sanitario, asesorandoa para o afrontamento efectivo.	
Potenciar o autocoidado na embarazada e identificar factores de risco social no embarazo.	
Colaborar na adecuada recuperación e na adecuación do entorno familiar, domiciliario e comunitario tras o parto.	Promover a saúde da muller e do home nas etapas do climaterio.
Prestar asistencia o parto de emerxencia no ámbito extrahospitalario.	
.Reforzar a autoestima e o autoconecemento , fomentando o afrontamento e o autocoidado ante os cambios mais comúns das persoas en idade climatérica.	
Planificar e participar en programas para promover as persoas en fase climatérica.	Potenciar a prevención e detección precoz do cancro xenital feminino e masculino e o cancro de mama.
Potenciar hábitos de vida saudable para previr o cancro de mama e xenital e concienciar para a aceptación das correspondentes probas diagnósticas.	
Difundir programas de detección de cancro xenital masculino, feminino e de mama aumentando as actuacións propias na comunidade.	

Colaborar e detectar o antes posible situacións de risco de violencia de xénero, e colaborar na educación, no respecto e na convivencia entre xéneros.	Detectar e actuar nas situacións de violencia de xénero.
Atención as vítimas de violencia de xénero, e saber reconocer o malestar das mulleres como resposta os condicionantes sociais de xénero.	
Detectar o antes posible disfuncións sexuais, dificultades na percepción de identidade de xénero e orientar ou derivar	Previr, detectar e intervir nos problemas de saúde das mulleres e os homes ligados o xénero no ámbito comunitario.
Atender o malestar bio-psico-social das persoas con un abordaxe integral que inclúa condicionantes de xénero e subxetividade.	

### 1.6. Atención as persoas maiores:

RESULTADOS	CAPACIDADES
Estimular a autonomía dos maiores no desempeño das actividades da vida cotiá no seu entorno familiar e comunitario e fomentar a saúde física, psicolóxica, social, cultural, ambiental, sexual e espiritual das persoas maiores ca maior autonomía posible.	Planificar, desenvolver, executar e avaliar programas de promoción da saúde das persoas maiores no seu entorno familiar e comunitario.
Estimular a creación e mantemento de redes e grupos de autoaxuda.	
Fomentar e potenciar a mobilidade e o equilibrio a través do exercicio físico e previr complicacións asociadas a mobilidade restrinxida no fogar.	
Promover a atención domiciliaria como ámbito preferencial dos coidados os maiores dependentes ou con problemas graves de saúde.	Planificar, desenvolver, executar e avaliar xunto con outros profesionais e especialistas, programas de prevención das complicacións e problemas de saúde máis frecuentes nos maiores e no seu entorno familiar e comunitario.
Previr accidentes e caídas coidando a seguridade dos entornos, especialmente nos domicilios.	
Valorar as capacidades para o desempeño autónomo.	
Previr complicacións nos maiores derivadas das alteracións da saúde e das súas pautas terapéuticas.	
Identificar o antes posible e intervir pronto nos casos de maltrato o maior.	Detectar e intervir o máis pronto posible nos problemas prevalentes nos maiores e no seu entorno familiar e comunitario.
Axuda a adaptación os cambios de rol debido a idade e axudar as persoas maiores ante a perda da parella ou de outros seres queridos.	
Detectar o antes posible o deterioro cognitivo, funcional e físico relacionado cos maiores e prestar os coidados necesarios para compensar as dependencias e limitacións funcionais.	Detectar e intervir o máis pronto posible en situacións de fragilidade ou illamento social das persoas maiores, desenvolvendo programas de saúde para a atención en situación de dependencia
Identificar os coidadores e axudalos na toma de decisións con respecto o coidado, e colaborar para que os coidadores presten coidados de calidade, previndo repercusións negativas para a súa propia saúde.	Xestionar a capacitación das persoas coidadoras familiares para a atención do ancián no entorno familiar , xestionando asimesmo programas de atención á saúde para os coidadores
Coñecer e usar de forma eficiente os recursos sociosanitarios de axuda o doente e a súa familia.	Identificar e mobilizar os recursos que mellor se adaptan as necesidades dos maiores e dos seus coidadores
Coñecer e aconsellar materiais e instrumentos de axuda e adaptación necesarios para levar a cabo as actividades básicas da vida diaria.	Identificar as necesidades e promover o uso axeitado dos materiais e instrumentos de axuda e adaptación necesarios para facer as ABVD
Planificar, implementar e coordinar conxuntamente con outros profesionais e especialistas programas de coidados paliativos.	Coidar o entorno do doente e a súa familia no final da vida, respetando as súas decisións.
Recoñecer os signos críticos de mal pronóstico.	
Coidar e acompañar a persoa no final da vida.	
Atender o dó da persoa e da súa familia previndo e abordando reaccións de dó disfuncional.	

### 1.7. Atención as familias:

RESULTADOS	CAPACIDADES
Utilizar unha metodoloxía de análise adecuada o traballo con familias, usando estratexias sistémicas para formular hipótesis, intervir e avaliar.	Planificar, dirixir, desenvolver e avaliar programas de coidados integrais dirixidos a promover a saúde e previr problemas nas familias en contextos de saúde , con especial atención o risco de enfermidade.
Identificar as distintas etapas do desenvolvemento das familias e axudar o seu afrontamento efectivo.	
Coñecer e valorar as necesidades de saúde das familias nas súas diferentes etapas.	



## COMPETENCIAS DA ESPECIALISTA EN ENFERMERÍA FAMILIAR E COMUNITARIA

Comprender o alcance das dinámicas familiares no proceso de saúde e enfermidade dos seus membros, así como comprender o alcance de fenómenos tales como a sobreprotección e a dependencia de membros da familia afectados por problemas de saúde.	Relacionar a influencia que sobre a familia teñen os problemas de saúde, no plano cognitivo, no das emocións, nas actividades cotiás e no plano das relacións interpersonais. Así coma a influencia da dinámica familiar sobre os problemas de saúde.
Comprender e analizar as relacións de poder na familia, roles, os sistemas de comunicación e analizar a súa relación ca existencia e o manexo dos problemas de saúde.	
Comprender o illamento das persoas doentes e das súas familias e intervir para minimizar os efectos.	
Considerar a atención o doente no seu contexto familiar.	
Capacitar as familias nas tomas de decisións.	Realizar intervencións que promovan a saúde e preveñan problemas familiares, con máis atención as situacións problemáticas de crise.
Detectar os problemas psicosociais e as familias en risco e ofrecer axuda familiar anticipada.	
Capacitar e axudar a familia no afrontamento da crise ou situacións problemáticas como a enfermidade ou morte dun membro, chegada dun novo componente, separacións parentales etc.	
Desenvolver o rol da familia como promotora de saúde.	
Valorar a vivenda como contexto de saúde e recoñecer a importancia que ten na saúde familiar.	
Facilitar o acceso os recursos de adaptación da familia nos procesos de saúde-enfermidade e nas situacións de crise.	
Coñecer e fomentar os sistemas e redes de axuda familiar.	
Manexar a dinámica grupal para a xestión de problemas intrafamiliares en contextos de saúde-enfermidade.	
Coñecer e intervir de xeito rápido en situacións de risco e/ou violencia no fogar.	Xestionar programas comunitarios e familiares de prevención e detección de crise e violencia intrafamiliar.
Identificar as situacións de risco e crise familiar e facer plans de intervención.	

### 1.8. Atención as urxencias, emerxencias e catástrofes:

RESULTADOS	CAPACIDADES
Atender a familia e o entorno en situacións de urxencia.	Actuar individualmente e/ou en equipo ante situacións de urxencia.
Manexar de xeito eficaz os recursos de soporte vital e as técnicas de atención na urxencia no ámbito comunitario.	
Garantir a seguridade do doente no seu entorno para previr posibles complicacións derivadas da situación de urxencias na comunidade.	
Identificar os recursos dispoñibles nas situacións de emerxencia, a súa organización e responsabilidades.	Colaborar na prevención e na intervención nas situacións de emerxencias e catástrofes.
Colaborar nos dispositivos de actuación fronte a emerxencias e catástrofes.	

### 1.9. Atención á saúde na fraxilidade ou risco sócio-sanitario:

RESULTADOS	CAPACIDADES
Identificar necesidades específicas dos grupos minoritarios, excluídos ou de risco no ámbito comunitario.	Fomentar a saúde e a integración dos grupos excluídos ou en risco de exclusión social.
Traballar con grupos interculturais.	
Colaborar na planificación, coordinación, execución e avaliación dos programas de atención a grupos minoritarios, excluídos ou de risco, no ámbito comunitario individual e grupal.	Xestionar intervencións ligadas a problemas de : inmigración, minorías étnicas, discapacidade, subdesenvolvemento, marxinación e outros.
Previr e detectar situacións de exclusión socio-sanitarias, fraxilidade e illamento social.	Detectar e intervir pronto en situación de fraxilidade socio-sanitaria das persoas en tódalas etapas vitais.
Colaborar na xestión da saúde dos grupos excluídos socialmente.	

**2. COMPETENCIAS VINCULADAS CA SAUDE PÚBLICA E COMUNITARIA:**

RESULTADOS	CAPACIDADES
Investigar, analizar e interpretar as respostas da comunidade fronte os problemas de saúde-enfermidade, tendo en conta entre outras cousas a perspectiva de xénero.	Analizar a situación de saúde da comunidade e planificar e desenvolver programas de promoción da saúde comunitaria.
Colaborar ca comunidade na detección dos factores que ataíen a sua saúde.	
Facer investigacións relacionadas ca promoción da saúde.	
Identificar e usar os conceptos de economía na xestión de programas de promoción de saúde.	
Identificar necesidades de EpS na comunidade.	Planificar e desenvolver programas de educación para a saúde na comunidade.
Planificar, desenvolver e avaliar programas de EpS ca comunidade.	
Liderar e realizar programas intersectoriais de intervención sociosanitaria en prevención, promoción e EpS.	
Deseñar e avaliar materiais informativos e educativos.	
Implicar os medios de comunicación na EpS.	Deseñar, executar e avaliar programas de vixilancia epidemiolóxica.
Manexar os sistemas de información epidemiolóxica e sociocultural.	
Desenvolver e xestionar redes de vixilancia da epidemioloxía dos coidados.	
Impulsar a participación comunitaria.	
Identificar o antes posible situacións de risco para a saúde e activar os mecanismos de alarma correspondentes.	Establecer una comunicación efectiva cas institucións, servizos comunitarios e cos distintos niveis de atención dos servizos de saúde.
Facer informes sobre problemas de saúde emerxentes ou relevantes.	
Colaborar na xestión de actividades de inspección e rexistro sanitario de alimentos, establecementos públicos e medio ambiente.	
Identificar e valorar os recursos comunitarios para cubrir as necesidades de saúde.	
Fomentar e coordinar redes sociais, grupos de autoaxuda, ONGs, voluntariado social e outros recursos.	Planificar e desenvolver accións sobre a saúde medio ambiental.
Xestionar a planificación de coidados e a cobertura de demandas e necesidades na comunidade con outros sectores comunitarios públicos e/ou privados.	
Recoñecer e favorecer a relación entre o medio ambiente e a saúde.	
Colaborar na identificación e prevención de focos de risco medioambientais da comunidade.	
Identificar e colaborar na xestión dos procesos que se levan a cabo nun laboratorio de saúde pública.	Coñecer o sistema de información, seguimento e control dos accidentes laborais e as enfermidades profesionais.
Participar no deseño e desenvolvemento dos programas de saúde nos entornos laborais da comunidade e colaborar cos comités de seguridade e saúde no traballo e/o cos outros profesionais de saúde da comunidade.	
Utilizar e interpretar os datos do sistema de información, seguimento e control de accidentes e enfermidades profesionais.	

**3. COMPETENCIAS VINCULADAS CA DOCENCIA:**

RESULTADOS	CAPACIDADES
Valorar o nivel de coñecemento, as necesidades, e a motivación das persoas, comunidade, estudantes ou profesionais os que vai dirixida a formación.	Identificar e valorar as necesidades de formación e os factores que influen no aprendizaxe dos coidados no ámbito familiar e comunitario, que permitan una resposta eficaz e eficiente.
Elaborar obxectivos e determinar os plans de enseñanza que mellor se adapten ás necesidades e demandas identificadas.	Elaborar os obxectivos da aprendizaxe.
Formular obxectivos pedagóxicos relacionados cas necesidades de formación.	
Coñecer e aplicar os incentivos para a aprendizaxe.	Determinar o plan de enseñanza que mellor se adapte as necesidades e demandas identificadas, escollendo as fórmulas pedagóxicas mais adecuadas
Identificar as competencias necesarias que se han de adquirir.	
Coñecer os diferentes medios de divulgación	Xestionar a aplicación do plan de enseñanza.
Facer e planificar una estratexia de formación.	
Xestionar e usar os medios de apoio e material complementario	Xestionar e facilitar a preparación e utilización do material didáctico

## COMPETENCIAS DA ESPECIALISTA EN ENFERMERÍA FAMILIAR E COMUNITARIA

máis adecuado para o fin de cada programa.	necesario para impartir a enseñanza.
Avaliar o impacto do programa formativo.	Avaliar a consecución da aprendizaxe das persoas e da enseñanza polas persoas.
Elaborar textos e folletos para información e divulgación	Deseñar textos de divulgación: folletos, protocolos e artigos de opinión.
Considerar a linguaxe non sexista na elaboración dos materiais informativos.	

### **4. COMPETENCIAS DE XESTIÓN DE COIDADOS E SERVIZOS NO ÁMBITO FAMILIAR E COMUNITARIO**

RESULTADOS	CAPACIDADES
Aplicar as ferramentas básicas de xestión por procesos a xestión clínica.	Liderar, coordinar e dirixir os procesos de xestión clínica de coidados, doentes, familias e grupos sociais no ámbito da especialidade.
Aplicar a asistencia sanitaria baseada na evidencia como instrumento para a xestión clínica.	
Aplicar os modelos de xestión orientados aos doentes.	
Usar na práctica clínica os distintos instrumentos de avaliación.	
Manexar os distintos modelos de xestión e organización da actividade na consulta, no domicilio, na comunidade e na actividade urxente.	
Manexar e interpretar os indicadores da actividade máis habituais en AP.	Xestionar, liderar e coordinar os grupos de traballo e o traballo no equipo de enfermaría e multidisciplinar.
Liderar, coordinar e dinamizar a actividade do equipo, dirixindo axeitadamente calquera tipo de grupo de traballo, resolvendo e xestionando de xeito adecuado os conflitos que surxan no equipo ou grupo de traballo.	
Traballar en equipo, nos distintos ámbitos do traballo.	
Coñecer e describir a estrutura do sistema sanitario, e os distintos modelos de organización dos equipos de A.P	Xestionar, liderar e coordinar a continuidade dos coidados individuais, familiares e comunitarios e os servizos sanitarios.
Manexar adecuadamente as ferramentas que axuden a continuidade dos coidados.	
Xestionar a asistencia sanitaria integral nos doentes de alta complexidade.	
Aplicar os principios das chamadas 5s nos ámbitos onde sean necesarios para garantir a seguridade dos doentes.	
Asegurar a integralidade, integración, e globalidade dos coidados, minimizando a fragmentación da atención	
Asegurar a concontinuidade e a coherencia do traballo dos distintos profesionais establecementos do SNS.	
Axiliar as intervencións dos profesionais que integran o sistema de asistencia sanitaria e o sistema de asistencia social.	
Optimizar e racionalizar o consumo e utilización dos servizos e recursos e evitar duplicidades ou carencias.	
Manexar os distintos sistemas de rexistro que se utilizan en AP e coñecer a súa utilidade práctica.	Xestionar os sistemas de información que atañen a práctica profesional e propoñer melloras no desenvolvemento da documentación clínica no ámbito da actuación da especialidade.
Coñecer as bases teóricas e a metodoloxía da historia electrónica.	
Coñecer as características dos sistemas de información sanitaria.	
Manexar eficientemente os programas e aplicacións informáticas usadas en AP.	
Identificar carencias e facer propostas para o desenvolvemento dos programas informáticos e da documentación enfermeira.	Xestionar, liderar e coordinar a mellora continua da calidade dos coidados.
Participar no deseño e elaboración dunha guía de práctica clínica.	
Coñecer o concepto de calidade, de mellora continua da calidade e dos distintos compoñentes que a integran.	
Coñecer e aplicar os pasos do ciclo de mellora da calidade e dos diferentes instrumentos que se utilizan en cada fase de dito ciclo.	
Coñecer e manexar as ferramentas de medir a calidade percibida e os conceptos básicos sobre a monitorización da calidade.	
Coñecer o Modelo Europeo de Excelencia.	

### **5. COMPETENCIAS EN INVESTIGACIÓN:**

RESULTADOS	CAPACIDADES
Entender e aplicar os conceptos do método científico, incluíndo a formulación da hipótese, os erros estadísticos, e o cálculo dos tamaños das mostras e os métodos estadísticos ligados o contraste da hipótese.	Basar a súa práctica clínica e a dos equipos que lidera na mellor evidencia da que dispón.
Buscar, seleccionar, ler e interpretar de xeito crítico, e con visión aplicativa a documentación científica.	
Basear a súa práctica clínica cotiá en bases científicas.	Xerar coñecemento científico.
Aplicar os principios éticos á investigación clínica.	
Identificar necesidades de investigación dende a súa práctica clínica.	
Facer procedementos, protocolos e guías de práctica clínica.	
Deseñar, desenvolver e elaborar proxectos de investigación, vinculados ca especialidade.	
Escribir e expoñer de xeito eficaz traballos científicos propios da especialidade..	
Innovar no campo da definición dos diagnósticos, intervencións e resultados en EFC, especialmente na atención a enfermos crónicos e dependentes e a comunidades en situación de fragilidade ou risco para a súa saúde.	

## PROGRAMA FORMATIVO

### CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PROGRAMA E METODOLOXÍA DOCENTE.

#### A. RÉXIME XURÍDICO DE FORMACIÓN.

- Sistema de formación sanitaria especializada do noso país incluíndo Enfermería Familiar e Comunitaria como especialidade relacionada, no artigo 2 do Real Decreto 450/2003, de 21 novembro, de ordenación de profesión sanitaria. É unha formación reglada e de carácter oficial que ten como obxecto dotar aos especialistas de coñecementos, técnicas, habilidades e actitudes propios da especialidade e de xeito simultáneo e progresivo á asunción de responsabilidade inherente ao exercicio autónomo da mesma.
- Para a obtención do título, as enfermeiras residentes cumpriran un programa formativo da mesma en Unidades Docentes Multiprofesionais de Atención Familiar e Comunitaria (UDMAFeC) durante dous anos a tempo completo.
- O acceso á formación, organización, supervisión, avaliación e acreditación das unidades docentes, levarase a cabo conforme ao previsto no Real Decreto 183/2008, do 8 febreiro, polo que se determinan especialidades de ciencias da saúde e se desenrolan os aspectos de formación sanitaria especializada. O seguimento e calificación durante a residencia levarase a cabo mediante avaliación continua, anual e final, tal e como indica o Real Decreto 183/2008.

#### B. OBXETIVO XERAL DO PROGRAMA: ADQUISICIÓN DE COMPETÊNCIAS. A formación práctico-clínica constitúe o eixo central deste

programa xa que o sistema de residencia consiste, fundamentalmente, en aprender facendo.

**C. METODOLOXÍA DOCENTE.** Considéranse métodos favorecedores da aprendizaxe:

- Autoaprendizaxe tutorizado: metodoloxías activas centradas na aprendizaxe. O residente adquire responsabilidade do proceso baixo guía e orientación do tutor.
- Autoaprendizaxe campo: realización formación sistemas reais de práctica asistencial. Residente vive de forma crítica e reflexiva o sistema no que ten lugar a sua aprendizaxe.
- Sesións transmisión de información: tutor transmite información complexa sobre materia concreta para favorecer a creación marco conceptual.
- Sesión discusión: aprendizaxe baseada na discusión de temas ou problemas entre residentes e responsables da formación.
- Sesións prácticas: residente ensaia e aprende a tarefa que tera que levar a cabo despois.

**D. ATENCIÓN CONTINUADA:** os servicios prestados en concepto de atención continuada teñen carácter formativo.

**E. FORMACIÓN PROTECCIÓN RADIOLÓXICA:** co obxectivo de adquirir coñecementos básicos en dita materia que se axustarán segundo o previsto na Guía Europea “protección radiolóxica 116”.

## BIBLIOGRAFÍA

- B.O.E Martes 29 de xuño de 2010 : Orde SAS/1729/2010 de 17 de xuño, pola que se aproba e publica o programa formativo da Especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria
- “Perfil y competencias Enfermera familiar y comunitaria”. Documento Estratégico FAECAP, 2008
- “Guía de Competencias por dispositivo docente en la especialidad de Enfermería Familiar y comunitaria”. Dirección Técnica de Docencia e investigación,erencia Adjunta de Planificación y Calidad. Gerencia de atención primaria . Salud Madrid , 3/10/2012
- “Perfil y competencias de la enfermera familiar y comunitaria”. Gerencia de atención Primaria de Mallorca .Junio 2011
- “Análisis cualitativo de las competencias para la especialidad de Enfermería Familiar y Comunitaria. Construyendo el camino hacia la enfermería clínica avanzada. ENE. Revista de Enfermería. Agosto 2012
- “O papel da enfermaría nos equipos de atención primaria”. Plan de mellora da Atención Primaria de Galicia 2007-2. Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.
- “Manual de competencias de la/del enfermera/o de Atención Primaria.”.Agencia de calidad sanitaria de Andalucía.Octubre 2011
- “Desarrollo profesional de la Enfermería de Atención Primaria. Experiencia en Andalucía”. M<sup>a</sup> Victoria Laflor Carot.
- “Papel de la Enfermería en Atención Primaria”.Comunidad de Madrid , enero 2009

**M<sup>a</sup> Pilar González Iglesias** – Vocal AGEFEC

Enfermeira de A.P. do C.S. Melón-Quins (Ourense)

**M<sup>a</sup>Dolores Sánchez González**- Vocal AGEFEC

Enfermeira de A.P. do C.S. do Carballiño (Ourense)

